

Datos do traballador:

Nome.
Primeiro apelido.
Segundo apelido (se posúe NIE e carece de segundo apelido, non se consignará).
DNI/NIE.
N.º de afiliación á Seguridade Social.
Grupo de cotización.
Tipo de contrato.
N.º de días traballados á semana en caso de traballo a tempo parcial.
Profesión.
Categoría.
Data de alta na empresa.
Data de baixa na Seguridade Social.
Situación legal de desemprego. Causa.
Data de efectos. Inicio. Fin.
N.º de ERE.
N.º de días de vacacións anuais retribuídas e non desfrutadas antes do cesamento.
Período de salarios de tramitación. De ... a ...; n.º de días: ...

Cotizacións:

Cotizacións por continxencias comúns e de desemprego segundo TC-2, durante os últimos 180 días precedentes á data do cesamento.
Cotizacións posteriores ao cesamento correspondentes ás vacacións anuais, retribuídas e non desfrutadas antes da data do cesamento.
Lugar e data de expedición do certificado de empresa.

ANEXO II

Relación de datos obrigatorios dos períodos de actividade laboral que se lle comunicarán ao Servizo Público de Emprego Estatal

Datos do representante da empresa:

NIF/NIE.
Nome.
Primeiro apelido.
Segundo apelido.
Cargo que ocupa na empresa.
Teléfono de contacto.
Enderezo de correo electrónico.

Datos da empresa:

Nome ou razón social.
CIF/NIF.
Código da conta de cotización.
Domicilio social. Rúa ou praza e número.
Localidade.
Código postal.
Provincia.
Teléfono de contacto.
Enderezo de correo electrónico.
Actividade económica.
Domicilio do centro de traballo (só se é distinto do domicilio social).

Datos do traballador:

NIF/NIE.
Nome.
Primeiro apelido.
Segundo apelido.
N.º de afiliación á Seguridade Social.
Tipo de contrato.
Grupo de cotización.

Profesión.
Categoría.
N.º de ERE, se é caso.

Datos da actividade:

Coefficiente de actividade que se aplicará aos días de traballo efectivo para o cálculo do POC (para traballadores de sistemas especiais de cotización).

Datos dos períodos de actividade:

Data de inicio e data final.

Identificación, se é o caso, de situacións: vacacións e descansos; IT, maternidade; baixa por fin de campaña; excedencia.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

18558 *ORDE SCO/3269/2006, do 13 de outubro, pola que se establecen as bases para a inscrición e o funcionamento do Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas.* («BOE» 255, do 25-10-2006.)

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, dispón no seu artigo 25.1 que a exixencia de autorizacións sanitarias, así como a obriga de someter a rexistro por razóns sanitarias as empresas ou os produtos, serán establecidas regulamentariamente.

A Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, establece no seu artigo 66, referente á cooperación en saúde pública entre o Estado e as comunidades autónomas, que se facilitará a promulgación de lexislación sanitaria e a aplicación das directivas e regulamentos da Unión Europea que afecten a saúde pública.

O Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas, dispón no seu artigo 27 que os locais ou instalacións onde se fabriquen e/ou formulen biocidas, así como os que almacenen e/ou comercialicen biocidas autorizados para uso profesional e as empresas de servizos biocidas que así se determinen regulamentariamente, se deberán inscribir no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas de cada comunidade autónoma, que será xestionado pola autoridade sanitaria competente.

O Ministerio de Sanidade e Consumo, a través da súa Subdirección Xeral de Sanidade Ambiental e Saúde Laboral, dependente da Dirección Xeral de Saúde Pública, ten atribuídas as competencias sobre o rexistro, a autorización e a avaliación do risco para a saúde humana dos biocidas, en virtude do Real decreto 1555/2004, do 25 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Sanidade e Consumo.

A finalidade desta orde é establecer as condicións e requisitos mínimos para inscrición, estrutura e funcionamento do Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas que se instaurará en cada comunidade autónoma, co obxecto de facilitar o control oficial destas actividades, sen obstaculizar a libre circulación das ditas empresas e servizos en todo o territorio nacional.

Así mesmo, a elaboración desta disposición fai necesario adecuar a Orde do 24 de febreiro de 1993, pola que se normalizan a inscrición e o funcionamento do Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Praguicidas á nova lexislación de produtos biocidas.

Na súa tramitación foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas e sometido ao Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, na sesión celebrada o 14 de decembro de 2005.

Esta orde dítase de conformidade co establecido na disposición derradeira segunda do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro.

Na súa virtude, coa aprobación previa do Ministerio de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as condicións e requisitos básicos para a inscrición, a estrutura e o funcionamento dos rexistros oficiais de establecementos e servizos biocidas das comunidades autónomas, que permitan a súa harmonización, en desenvolvemento do disposto no artigo 27 do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, a autorización e a comercialización de biocidas.

2. Seralles de aplicación aos establecementos e servizos biocidas definidos no artigo 2 e que traballen, como mínimo, con algún dos tipos de biocidas que figuran no anexo.

3. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta orde:

a) Os establecementos en que se comercialicen exclusivamente biocidas que figuren inscritos no Rexistro Oficial de Biocidas para uso polo público en xeral ou para a hixiene humana.

b) Os establecementos en que se fabriquen, formulen, manipulen, almacenen ou comercialicen desinfectantes de material clínico, farmacéutico ou de ambiente cirúrxico.

c) Os servizos biocidas de carácter corporativo que actúen exclusivamente en prevención e control de lexionelose, en aplicación do disposto no artigo 13 do Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexionelose.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde enténdese por:

a) Almacenamento: actividade exclusiva de almacenamento de produtos biocidas nun local de titularidade propia, alugado ou cedido.

b) Biocidas: as substancias activas e preparados que conteñan unha ou máis substancias activas, presentados na forma en que son subministrados ao usuario, destinados a destruír, contrarrestar, neutralizar, impedir a acción ou exercer un control doutro tipo sobre calquera organismo nocivo por medios químicos ou biolóxicos, de acordo co artigo 2 do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro.

c) Carácter corporativo: tratamentos que sexan realizados por persoal propio pertencente a entidades cuxos espazos, locais, instalacións ou transportes sexan de uso público.

d) Comercialización: a subministración ou posta á disposición de terceiros de produtos biocidas con ou sen titularidade sobre eles, a título oneroso ou gratuito, incluída a venda retalista, dentro do territorio nacional.

A importación ou exportación de biocidas ao territorio alfandegueiro da Unión Europea considérase, para todos os efectos, comercialización.

e) Envasado: procedemento polo cal unha substancia ou preparado se envasa, reetiqueta ou empaqueta para o seu transporte e venda.

f) Establecementos biocidas: os locais ou instalacións onde se fabriquen e/ou formulen e/ou envasen biocidas, así como naqueles en que se almacenen e/ou comercialicen biocidas.

g) Fabricación: obtención en instalacións industriais de substancias activas e/ou formulación do produto biocida.

h) Instalacións fixas de tratamento: enténdense como tales os establecementos con cámaras de fumigación, balsas de inmersión e outras instalacións fixas destinadas á realización de tratamentos biocidas.

i) Responsable técnico: persoa responsable ben da fabricación, formulación, etiquetaxe e envasado de biocidas, ou ben da planificación, realización e avaliación dos tratamentos, así como de supervisar os seus posibles riscos e definir as medidas necesarias que se adoptarán de protección persoal e do medio. Así mesmo, será responsable de definir as condicións en que se deba realizar a aplicación.

j) Servizos biocidas: as persoas físicas ou xurídicas que efectúen tratamentos con aplicación de biocidas.

Artigo 3. *Inscrición no rexistro.*

1. Os establecementos biocidas e servizos biocidas incluídos no ámbito de aplicación desta orde deberán inscribirse no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas da correspondente comunidade autónoma, con carácter previo ao inicio da súa actividade.

2. Estarán sometidos á obriga de inscrición no rexistro:

a) As persoas físicas ou xurídicas, titulares dos anteriormente referidos establecementos, que realicen unha ou varias das seguintes actividades:

- 1.^a Fabricación de biocidas.
- 2.^a Envasado de biocidas.
- 3.^a Almacenamento de biocidas.
- 4.^a Comercialización de biocidas.

b) As persoas físicas ou xurídicas que realicen servizos de aplicación con biocidas incluídos no ámbito de aplicación desta orde, cando estes servizos se presten en calquera dos seguintes supostos:

- 1.º Con carácter corporativo.
- 2.º De servizos a terceiros.
- 3.º En instalacións fixas de tratamento.

Artigo 4. *Estrutura do rexistro.*

O rexistro tipificará as actividades de forma diferenciada entre as seguintes:

- a) Fabricación.
- b) Envasado.
- c) Almacenamento.
- d) Comercialización.
- e) Servizos biocidas corporativos ou a terceiros.
- f) Instalacións fixas de tratamentos.

Non obstante, cada comunidade autónoma poderá establecer subdivisións dos tipos de actividade citados, para o mellor funcionamento do rexistro.

Artigo 5. *Requisitos para a inscrición no rexistro.*

1. A inscrición no rexistro das persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares das actividades referenciadas no artigo 4 efectuarase na comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial estea situada a correspondente actividade, ben sexa sede social, delegación ou instalación.

2. Para isto, terán que cubrir o formulario oficial que para tal efecto establece a autoridade sanitaria compe-

tente na súa xestión, no cal se recollerán, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Datos de identificación do titular da actividade e da empresa.
- b) Datos sobre as actividades que se van rexistrar, de acordo co artigo 4.
- c) Clasificación de perigosidade dos produtos biocidas segundo a lexislación vixente.
- d) Grupos e tipos de biocidas segundo o anexo V do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro; de entre eles, polo menos, os establecidos no anexo desta orde.

3. Xunto co formulario xuntarase, polo menos, a seguinte información:

- a) Memoria técnica descritiva da actividade que se vai realizar.
- b) Plano das instalacións no caso de fabricación, envasado, almacenamento e instalacións fixas para o tratamento de biocidas.
- c) Acreditación de que o persoal manipulador de biocidas posúe a capacitación necesaria de acordo coa normativa vixente ao respecto.
- d) Datos do responsable técnico da actividade co currículo profesional e coa capacitación necesaria de acordo coa normativa vixente ao respecto.
- e) Autorización municipal para a actividade que se vai desenvolver.
- f) Solicitude da dilixencia de apertura do libro oficial de movementos de biocidas, se é o caso.
- g) Copia compulsada da resolución de inscrición no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas doutras comunidades autónomas, se é o caso.
- h) Acreditación do cumprimento da normativa ambiental específica aplicable, se é o caso, á actividade ou servizo obxecto da inscrición.

Artigo 6. *Carácter do rexistro e acceso á información contida.*

O Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas terá carácter público, e a autoridade sanitaria competente poderá facilitar cantos datos figuren nel para o mellor acceso dos usuarios a ese servizo, sen prexuízo das normas de confidencialidade que lle poidan ser de aplicación.

Para tal fin o Ministerio de Sanidade e Consumo disporá as medidas necesarias para facilitar a divulgación da información sobre establecementos e servizos biocidas rexistrados en cada comunidade autónoma.

Artigo 7. *Código de rexistro.*

O código de rexistro será outorgado por cada comunidade autónoma a cada entidade afectada por esta orde e a súa estrutura será, como mínimo, do tipo XXXX-ZZZ, sendo:

- a) XXXX: número consecutivo outorgado a cada entidade rexistrada.
- b) ZZZ: siglas identificativas da comunidade autónoma correspondente.

Ademais, cada comunidade autónoma poderá engadir ao final do código ata un máximo de 3 díxitos (-YYY), co obxecto de facilitar a identificación territorial da actividade, o tipo de produto ou outros.

Artigo 8. *Resolución de inscrición no rexistro.*

1. Para efectos de mellorar a vixilancia e o control oficiais, a resolución de inscrición nos rexistros oficiais de establecementos e servizos biocidas expedida polas

comunidades autónomas deberá incluír, como mínimo, os datos correspondentes á información contida no artigo 5.2, alíneas a), b), c) e d), o código de rexistro tal e como figura no artigo 7, a data da resolución e o seu prazo de validez.

2. O titular da actividade deberá manter a resolución de inscrición no rexistro á disposición da inspección sanitaria correspondente, así como o resto da documentación presentada para a inscrición da actividade.

Artigo 9. *Renovación, modificación e cancelación da inscrición.*

1. A inscrición no rexistro terá un período de validez máxima de dez anos. Con anterioridade á finalización do dito período, o titular da inscrición poderá solicitar a súa renovación ante a correspondente comunidade autónoma.

2. O titular da inscrición será responsable do mantemento das condicións nas cales se dite a resolución de inscrición. Calquera modificación ou cambio nestas condicións deberalle ser comunicada á autoridade competente da correspondente comunidade autónoma.

3. En caso de cesamento da actividade, o titular da inscrición deberá poñelo en coñecemento da autoridade competente, no prazo máximo dun mes, para efectos da cancelación da correspondente inscrición no rexistro.

Así mesmo, poderase proceder á cancelación da inscrición:

- a) Cando así o solicite o seu titular.
- b) Cando, transcorrido o período de validez da inscrición no rexistro, o seu titular non solicitase a súa renovación.
- c) Cando, en virtude de revisións de oficio ou por calquera outro medio, a autoridade competente comprobese que se produciu un incumprimento da normativa aplicable, sen prexuízo da sanción a que houbese lugar segundo o previsto no artigo 30 do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro.

Artigo 10. *Coordinación entre comunidades autónomas.*

1. A inscrición dunha entidade de servizos no rexistro dunha comunidade autónoma será válida para traballar en calquera outra comunidade autónoma, sempre que:

a) Os responsables das entidades que presten servizos de aplicación de biocidas a terceiros noutras comunidades autónomas diferentes da de inscrición comuniquen previamente á autoridade sanitaria competente a súa intención de desenvolver a súa actividade na dita comunidade autónoma.

b) Cumpran cos requisitos adicionais que, se é o caso, se establezan na normativa autonómica de aplicación.

2. A Rede Nacional de Vixilancia, Control e Inspección de Produtos Químicos, mediante o Sistema de Intercambio Rápido de Información, servirá de ferramenta para a coordinación das actividades realizadas nas comunidades autónomas que, polo seu risco para a saúde, requiran unha comunicación rápida e de alcance suficiente.

Disposición adicional primeira. *Actualización.*

1. O Ministerio de Sanidade e Consumo actualizará a relación de biocidas do anexo desta orde a medida que estes tipos de produtos sexan incluídos no Rexistro Oficial de Biocidas, segundo o disposto no Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro.

2. As correspondentes actividades definidas no artigo 4 inscribíranse de forma paulatina nos diferentes rexistros oficiais de establecementos e servizos biocidas autonómicos a medida que se actualice o anexo.

Disposición adicional segunda. *Remisión dos expedientes dos establecementos e servizos biocidas actualmente inscritos nos diferentes rexistros oficiais dos establecementos e servizos praguicidas.*

Os expedientes dos establecementos e servizos praguicidas incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, inscritos no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Praguicidas en virtude da Orde do 24 de febreiro de 1993, pola que se normaliza a inscrición e o funcionamento do Rexistro de Establecementos e Servizos Praguicidas, serán transferidos ao novo Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas no prazo que determine a autoridade sanitaria competente en cada comunidade autónoma.

Disposición adicional terceira. *Empresas de servizos biocidas con sede social fóra do territorio nacional e dentro do territorio da Unión Europea.*

Aquelas empresas de servizos biocidas a terceiros cuxa sede social estea fóra do territorio nacional e dentro do territorio da Unión Europea, deberanse ater ao procedemento descrito no artigo 10 e seralles de aplicación o resto das disposicións normativas relativas a empresas de servizos biocidas cando presten no noso país servizos de aplicación de biocidas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados os artigos 1.º, 2.º e 3.º da Orde do 24 de febreiro de 1993, pola que se normalizan a inscrición e o funcionamento do Rexistro de Establecementos e Servizos Praguicidas, en todo o que se opoña ao establecido nesta orde para os establecementos e servizos praguicidas non agrícolas (biocidas).

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de outubro de 2006.–A ministra de Sanidade e Consumo, Elena Salgado Méndez.

ANEXO

Grupos e tipos de biocidas que obrigan á inscrición dos establecementos e servizos biocidas no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas (ROESB).

Grupos e tipos de biocidas:

Grupo principal 1:

a) Tipo de produto 2. Desinfectantes: produtos empregados para a desinfección do aire, superficies, materiais, equipamentos e mobles que non se utilicen en contacto directo con alimentos ou pensos, en zonas da esfera privada, pública ou industrial.

Estes produtos correspóndense cos actualmente inscritos no Rexistro Oficial de Praguicidas da Dirección Xeral de Saúde Pública coas claves 00, 20, 40 e 100.

b) Tipo de produto 4. Desinfectantes para as superficies que están en contacto con alimentos: equipamentos, recipientes, utensilios para consumo, superficies ou tubaxes relacionadas coa produción, transporte, almace-

namento ou consumo de alimentos e bebidas, excluída a auga para o consumo humano.

Estes produtos correspóndense cos actualmente inscritos no Rexistro Oficial de Praguicidas da Dirección Xeral de Saúde Pública coas claves 00, 20 ou 40 e as siglas HA.

Grupo principal 2:

a) Tipo de produto 8. Protectores da madeira: produtos empregados para a protección da madeira ou derivados da madeira, desde a fase do serradoiro.

Estes produtos correspóndense cos actualmente inscritos no Rexistro Oficial de Praguicidas da Dirección Xeral de Saúde Pública coas claves 00 e 80.

b) Tipo de produto 11. Produtos empregados para a conservación da auga en sistemas de refrixeración mediante o control de organismos nocivos.

Estes produtos correspóndense cos actualmente inscritos no Rexistro Oficial de Praguicidas da Dirección Xeral de Saúde Pública coas claves 00 e 100, exclusivamente para uso en torres de refrixeración, condensadores evaporativos e arrefriadores adiabáticos que pulvericen auga.

Grupo principal 3:

a) Tipo de produto 14. Rodenticidas: estes produtos correspóndense cos actualmente inscritos no Rexistro Oficial de Praguicidas da Dirección Xeral de Saúde Pública coas claves 00 e 10.

b) Tipo de produto 18. Insecticidas: produtos empregados para o control dos artrópodos (insectos, arácnidos e outros).–Estes produtos correspóndense cos actualmente inscritos no Rexistro Oficial de Praguicidas da Dirección Xeral de Saúde Pública coas claves 00 e 30.

c) Tipo de produto 19. Repelente/atraente: produtos empregados para o control dos organismos nocivos mediante repulsión ou atracción, excluídos os empregados en hixiene veterinaria ou humana.–Estes produtos correspóndense cos actualmente inscritos no Rexistro Oficial de Praguicidas da Dirección Xeral de Saúde Pública coas claves 00 e 50.

18559 *ORDE SCO/3270/2006, do 13 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 2210/1995, do 28 de decembro, polo que se crea a Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica, en relación coas salmoneloses de transmisión alimentaria.* («BOE» 255, do 25-10-2006.)

O desenvolvemento social e económico do noso país fai que a produción industrial dos produtos alimenticios, a súa extensa comercialización e o seu elevado consumo sexan elementos cada vez máis presentes e xeneralizados na nosa sociedade.

Este fenómeno está a provocar cambios no patrón epidemiolóxico coa aparición de focos de ámbito supracomunitario, de gravidade variable, magnitudes significativas e ampla transcendencia social, que están provocando situacións de alarma entre a poboación. Como consecuencia disto, resulta necesario introducir elementos que melloren a capacidade de detección e resposta da rede nacional de vixilancia epidemiolóxica, en particular respecto dos abrochos de gastroenterite producidos por enfermidades relacionadas coa produción e consumo de alimentos.

Débase destacar, neste sentido, que a salmonelose é unha das causas principais de gastroenterite bacteriana en España. De todas as notificacións realizadas ao sistema de abrochos da Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica nos últimos anos, as debidas á salmonela